

## **AXUDAS PARA NOVOS EMPREENDEDORES (GALICIA EMPRENDE - IG406F)**

A continuación descríbense brevemente as características principais desta convocatoria de axudas, aínda que a información que se considerará oficial a todos os efectos será a publicada na *Resolución do 2 de abril de 2019 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende) (DOG nº 75 do 17 de abril de 2019).*

### **OBXECTO**

Serán subvencionables os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas por novos emprendedores, así como os proxectos de investimento para a ampliación de pequenas e medianas empresas xa creadas que cumpran os requisitos para seren consideradas nova peme.

### **A QUEN VAI DIRIXIDO**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas.

### **REQUISITOS**

Os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non ter comezado antes da presentación da solicitude de axuda.
- Presentar un custo subvencionable igual ou superior a 25.000 € e non superior a 500.000 €, que se realizará no prazo de execución do proxecto que se estableza na resolución de concesión; se o custo subvencionable resultase superior a 500.000 €, o lgape reduciría a base subvencionada a esta cantidade.
- Os custos subvencionables terán que estar localizados no centro de traballo da empresa en Galicia.

### **IMPORTE DA AXUDA**

Con carácter xeral a subvención poderá chegar ata o 20 % dos custos subvencionables e ata o 30 % se o beneficiario é unha pequena empresa, agás os gastos do artigo 5.1.a).5º anterior, que poderán chegar ao 10 % no caso de medianas empresas e ao 20 % no caso de pequenas empresas.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

- 1ª convocatoria: do 18/04/2019 ao 27/06/2019

- 2ª convocatoria: do 28/06/2019 ao 18/10/2019

Para os proxectos da 1ª convocatoria, o prazo máximo de execución será o 31 de xaneiro de 2021 e o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máis tarde o 10 de febreiro de 2021.

Para os proxectos da 2ª convocatoria, o prazo máximo de execución será o 15 de xuño de 2021 e o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máis tarde o 25 de xuño de 2021.

### **NORMATIVA**

Resolución do 2 de abril de 2019 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020,

e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende) (DOG nº 75 do 17 de abril de 2019).

## **MÁS INFORMACIÓN**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190129/AnuncioG0424-281218-0017\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190129/AnuncioG0424-281218-0017_gl.pdf)